

## A ARTE GÓTICA (mediados do s. XII ao s. XV)

1. Cando e onde nace a arte gótica? De onde procede o seu nome?

A partir do segundo cuarto do século XII no norte de Francia.  
O seu nome procede dos godos, xa que se referían a el así no Renacemento con desprezo.

2. Por que se din que foi un estilo urbano?

Xa que se desenvolveu nas cidades, e reflectiu o esplendor acadadas por estas.

3. Que edificios relixiosos e civís destacaron?

O edificio relixioso principal foi a catedral, símbolo do poder da cidade. Entre os civís destacaron os concellos, as lonxas ou os palacios.



Concello de Bruselas

4. Pon as características do gótico:

Material principal: *pedra*.


Planta das catedrais: *cruz latina con tres ou cinco naves, transepto, cabeceira con deambulatorio e numerosas capelas.*

Ventás: *grandes con vidreiras.*

Elementos construtivos: *arco apuntado, bóveda de crucería e arcobotante.*

Exterior: *fachada enmarcada por dúas torres, grandes portas e rosetón.*

5. Sitúa no debuxo:



6. Na pintura e escultura, por que mostraron interese os artistas góticos?

Mostraron certo interese pola beleza, o movemento e a expresión dos sentimentos.

Tamén foron máis realistas.

7. Que temas predominaban?

Seguía predominando a temática relixiosa, pero os do Novo Testamento e as vidas dos Santos e da Virxe.

8. Onde se situaba a escultura monumental?

A escultura monumental situábase sobre todo nas fachadas, sobre todo nas portadas e nos capiteis, con maior independencia do marco.

9. Que caracterizaba a escultura exenta?

A escultura exenta gañou en realismo e naturalismo.

10. Onde se realiza a pintura?

A pintura gótica abandonou os muros, agora ocupados polas vidreiras, e realizouse en táboas de madeira.

11. Como son as cores?

As cores son brillantes, con frecuente uso do ouro para dar luminosidade.

12. Por que está interesado por representar o pintor gótico?

O pintor gótico ten unha maior interese por representar o volume das figuras e a profundidade do espazo.

13. Cales eran as funcións das vidreiras?

As vidreiras cumprían unha tripla función: protexían do frío, creaban unha luz coloreada e un espazo espiritual no interior da catedral, e simbolizaba a luz divina.

